

Fina Casalderrey, exemplo de mestra e escritora a prol da educación literaria, o fomento de valores e a Literatura Infantil e Xuvenil

Fina Casalderrey, ejemplo de maestra y escritora a favor de la educación literaria, el fomento de valores y la Literatura Infantil y Juvenil

Fina Casalderrey, an example of a teacher and writer in favor of literary education, the promotion of values and Children's and Young Adults Literature

Carmen Ferreira Boo^{1,a} 

¹ Universidade da Coruña, España

 a.m.fboo@udc.es

Recibido: 20/06/2023; Aceptado: 11/10/2023

Resumo

Realízase unha achega biobibliográfica á figura da autora clásica contemporánea galega Fina Casalderrey, reparando nas principais liñas temáticas da súa produción narrativa infantil e xuvenil para o desenvolvemento da educación literaria. Na narrativa xuvenil salientan a ficción científica, as problemáticas adolescentes e o misterio; mentres que a narrativa infantil se clasifica en oito categorías temáticas: respecto aos animais, relacións familiares, temas tabús, descuberta do mundo, problemáticas sociais, aprendizaxe vital, defensa da natureza e misterio. Conclúese que o éxito da longa traxectoria literaria de Casalderrey a sitúa no centro do canon da Literatura Infantil e Xuvenil galega, grazas a unha poética propia e singular, que se caracteriza pola naturalidade, linguaxe sinxela, inxenuidade, ternura e humor. O estudo complétase cunha entrevista na que a escritora profunda nalgunhas cuestións da súa vida persoal e profesional e da súa faceta literaria.

Palabras chave: educación literaria; Fina Casalderrey; narrativa infantil; narrativa xuvenil.

Resumen

Se realiza un acercamiento biobibliográfico a la figura de la autora clásica contemporánea gallega Fina Casalderrey, prestando atención a las principales líneas temáticas de su producción narrativa infantil y juvenil para el desarrollo de la educación literaria. En la narrativa juvenil destacan la ficción científica, las problemáticas adolescentes y el misterio; mientras que la narrativa infantil se clasifica en ocho categorías temáticas: respeto a los animales, relaciones familiares, temas tabús, descubrimiento del mundo, problemáticas sociales, aprendizaje vital, defensa de la naturaleza y misterio. Se concluye que el éxito de la larga trayectoria literaria de Casalderrey la sitúa en el centro del canon de la Literatura Infantil y Juvenil gallega, gracias a una poética propia y singular, que se caracteriza por la naturalidad, lenguaje sencillo, ingenuidad, ternura y humor. El estudio se completa con una entrevista en la que la escritora profundiza en algunas cuestiones de su vida personal y profesional y de su faceta literaria.

Palabras clave: educación literaria; Fina Casalderrey; narrativa infantil; narrativa juvenil.

Abstract

A biobibliographical approach is made to the figure of the classic contemporary Galician author Fina Casalderrey, paying attention to the main thematic lines of her narrative production for children and young adults for the development of literary education. In the juvenile narrative, scientific fiction, adolescent issues and mystery stand out; while the children's narrative is classified into eight thematic categories: respect for animals, family relationships, taboo subjects, discovery of the world, social issues, vital learning, defence of nature and mystery. It is concluded that the success of Casalderrey's long literary career places her at the centre of the canon of Galician Children's and Young Adults Literature, thanks to her own unique poetics, characterised by naturalness, simple language, naivety, tenderness and humour. The study is completed with an interview in which the writer delves into some questions about her personal and professional life and her literary facet.

Keywords: literary education; Fina Casalderrey; children's narrative; youth narrative.

Como citar este artigo: Ferreira Boo, C. (2023). Fina Casalderrey, exemplo de mestra e escritora a prol da educación literaria, o fomento de valores e a Literatura Infantil e Xuvenil. *Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil*, 10, "Notas". ISSN-e 2386-7620. <http://dx.doi.org/10.15304/elos.10.9267>

1. BREVE ACHEGA BIOGRÁFICA

Fina Casalderrey, considerada xa unha autora “clásica contemporánea” da Literatura Infantil e Xuvenil galega (Roig, 2008), que axudou na conformación e consolidación deste sistema literario, inspírase para escribir en moitas das anécdotas e vivencias que lle aconteceron na súa vida. Naceu no lugar de Pilarteiros, situado na parroquia de Santo André de Xeve en Pontevedra en agosto de 1951. Filla dun mecánico e unha costureira, que se trasladaron a vivir ao lugar do Castelo preto de San Benitiño de Lérez, os seus primeiros anos decorreron nun ambiente rural onde seu pai lle regalaba os ouvidos coas historias que lle contaba, pois era orfa de lecturas, como ten declarado a autora,

Si pasei fame de libros, aínda que os que afanaba ás agachadelas tiñan sabor a larpeiradas. E é que, no meu ambiente, case era “pecado” ler cousas que non levasen por título Matemáticas, Xeografía...

Aquela escaseza de lecturas paréceme irrecuperable e síntoa coma unha enfermidade que quixera deter a medida que cumpro anos, para que non siga avanzando. Quizais por iso, cando entro nunha gran librería sinto unha mestura de gozo e de angustia¹.

Sendo unha nena acudiu á escola pública de Porta do Sol de Lérez e despois ao Instituto de Pontevedra, actualmente IES Valle-Inclán, onde tivo que abandonar a súa lingua materna, o galego, polo castelán, debido á época de imposición de opresión que lle tocou vivir.

Aínda que con 9 anos comezou a ir a clases de corte e confección, por consello da súa mestra seguiu cos estudos de bacharelato no Instituto Feminino (antiga Escola Normal) onde rematou o bacharelato “elemental” e logo maxisterio, sendo o seu primeiro destino como mestra con dezanove anos unha substitución en Pontecesures. Nos seus máis de corenta anos como docente en diferentes destinos (San Cipriano de Ribarteme, Catoira, Cambados, Covelo da Lama, Barcia da Lama, Campelo da Lama, Bora, Mosteiro-Meis, Grupo Escolar Santa Lucía de Moraña, onde estivo 25 anos, e IES Illa de Tambo de Marín os dez últimos), interesouse por

¹ Fragmento tomado da autobiografía completa que se pode ler na páxina web da autora <https://fina.casalderrey.com/biografia/>

ofrecer ao estudantado materiais en lingua galega² e comezou a adaptar contos populares ao teatro para a súa representación e a escribir as súas primeiras pezas propias. Tamén traballou a prol da renovación pedagóxica que vía tan necesaria, achegando o ensino á realidade e á contorna próxima, interesándose pola investigación etnográfica (os hórreos, os apeiros de labranza, a climatoloxía e astroloxía popular, as festas populares, a medicina popular, os xogos tradicionais, cantigas, refráns, lendas...).

Esta muller polifacética ten realizado obras sobre a gastronomía galega, guións cinematográficos e, máis recentemente, varios proxectos literario-musicais cos libros-CD *Lingua Guapa. Cantos que contan* (Galaxia, 2020) e *Un día con papá* (Embora, 2021), así como a súa primeira novela para adultos *A Muller Xabaril* (Xerais, 2023). Dentro da actividade divulgativa, ten participado en numerosas charlas-coloquio, mesas redondas, conferencias... relacionadas coa Literatura Infantil e Xuvenil ou coa gastronomía, dentro e fóra de Galicia, en centros de ensino, asociacións culturais, museos, centros galegos e universidades..., ademais de colaborar co informe da UNESCO de 1997 *La educación encierra un tesoro*, pertencer ao PEN Club e á AELG e ser membro numerario dende novembro de 2013 da RAG (Real Academia Galega).

Habitualmente participa na prensa periódica (xornais e revistas) con artigos de temática variada, recibindo os premios Puro Cora en 2001 e Fernández del Riego en 2003 por dous artigos no *Diario de Pontevedra*. Ademais atesoura moitos galardóns e distincións honoríficas, como o Premio Cidade de Pontevedra pola súa traxectoria literaria en 1996, a Medalla Castelao en 2003, o Premio Irmandade do libro, autora do ano da Federación de Libreiros de Galicia en 2007, o Premio Ramón Cabanillas da Agrupación de Libreiros de Cambados pola súa traxectoria literaria en 2008, Autora homenaxeada no X Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, o Premio Xosé María Álvarez Blázquez a autora do ano pola Asociación Galega de Editores en 2013, Premio da Cultura Galega na modalidade de Letras “Creación literaria” en 2015, Premio “Bos e Xenerosos” da Fundación Eduardo Pondal en 2016, Premio “Rosa de los vientos” do Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires en 2018 e Letra E da AELG en 2023. Tamén ten sido proposta como candidata española ao premio Astrid Lindgren en dúas ocasións (2010 e 2012) e ao premio Hans Christian Andersen 2024, quedando finalista do premio Hache 2010.

No ano 2018 a editorial Baía Edicións creou na súa honra o Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade en homenaxe a todos os escritores que apostaron por escribir literatura infantil non sexista e coeducativa, que vai na cuarta edición.

2. A PRODUCCIÓN NARRATIVA INFANTIL E XUVENIL³

Na Literatura Infantil e Xuvenil galega Fina Casalderrey encádrase na denominada “Xeración do 68”⁴, que se caracteriza por ter nacido entre 1945-1960, iniciar a súa produción

² Neste sentido, hai que nomear *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola (7 pezas para representar)* (1996) e outras publicacións pedagóxicas como *Lecturas 2 (1º Ciclo EP)* (1997), *Tren dos contos 1º; EP. Lecturas* (2006), *Un dous tres hora de ler* (2008), *Tic tac tic hora de ller!* (2008) e *Medrando Sans* (2008).

³ Tanto a descrición como a recepción crítica pódense consultar no repertorio bibliográfico descrito que conforma o proxecto *Informes de Literatura* (<http://www.cirp.gal/rec2/informes/>), publicación en liña do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades que recolle ano a ano, dende 1995, a produción publicada en lingua galega e a súa recepción.

⁴ Composta por Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Marilar Aleixandre, Xoán Babarro, Ana María Fernández, Miguel Vázquez Freire, Pepe Carballude, Antón Cortizas, Concha Blanco, Alfonso Álvarez Cáccamo, entre outros.

a finais dos 80 ou inicios dos 90, seren docentes ideoloxicamente comprometidos coa reivindicación identitaria e implicados coa renovación pedagóxica, apostar por modalidades xenéricas novas que dialogan coa tradición, desenvolver múltiples intertextualidades coa literatura galega e universal, abrir suxestivos itinerarios de lectura para a infancia e xuventude e seren referentes ineludibles da LIX galega (Roig, 2015).

Iníciase na escrita na década dos anos 90 do século XX coa novela xuvenil *Mutacións xenéticas* (1991) e até a actualidade leva publicados máis de cincuenta títulos, ademais das múltiples historias recollidas en volumes colectivos. A pegada desta autora transcende máis aló das fronteiras da Galicia, pois os seus títulos son traducidos habitualmente ás demais linguas do estado (aragonés, asturiano, éuscaro, catalán, valenciano) e outras linguas internacionais, como brasileiro, bretón, coreano, inglés, francés, italiano, portugués, córnico, serbio ou chinés, ademais de braille. Ten sido recoñecida con numerosos galardóns literarios, entre eles o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 1996 por *O misterio dos fillos de Lúa*.

No proceso creativo, como ten manifestado “Ás veces, apetécame mesturar as miñas propias vivencias cos soños, coa imaxinación, coa fantasía... e crear historias na miña mente, que só despois de darlles moitas voltas paso ó papel”⁵, conformando un repertorio de obras narrativas infantís e xuvenís que transitan por distintas temáticas e tendencias, primando os relatos realistas próximos aos intereses e motivacións do lectorado agardado.

a. Narrativa xuvenil

Como xa teñen sinalado Roig (2002, 2008 e 2015), Raviña (2003) e Ferreira, Franco-Vázquez e Neira (2018), a escritora iniciouse na Literatura Infantil e Xuvenil cunha novela fantástico-realista na tendencia da ficción científica, *Mutacións xenéticas* (Vía Láctea, 1991; Xerais, 1998) que se centra nas implicacións e perigos que representan para a humanidade os avances xenéticos nunha trama na que prima a intriga, o suspense e o misterio, nunha viaxe física e emocional de carácter iniciático para o adolescente protagonista (Roig, 2015, p. 173). Esta novela inaugural ofrece xa algunha das constantes da poética da autora, como son

a enriquecedora relación avós-netos, un binomio moi rendible tanto nas súas obras dirixidas ao público infantil coma ao xuvenil [...] cuestións como a descuberta da identidade individual e colectiva e a denuncia da precariedade e a invisibilidade que os investigadores padecen na sociedade galega, aspecto este último ben pouco tratado nesta literatura até o momento. (Roig, 2015, p. 173)

A esta obra seguiulle *A noite dos coroides* (Vía Láctea, 1993), na que a través da viaxe iniciática dos protagonistas trata a vida cotiá da adolescencia, os conflitos xuvenís e a conformación da identidade, botando man dunha das temáticas recorrentes da ficción científica: o contacto con seres doutro planeta; e de elementos maravillosos e máxicos, das tradicións populares e os ritos, como os asociados á noite de San Xoán (Roig, 2015, p. 173).

Logo, sempre con moi boa acollida por parte do lectorado e da crítica (Roig, 1996-2017), abeirou cara á tendencia realista para reflectir a vida cotiá da adolescencia e da mocidade, como ocorreu con *¡Asústate, Merche!* (Xerais, 1994), Lista de Honra CLIJ 1995, diario íntimo e persoal dunha adolescente de quince anos, Auria, dirixido a unha amiga imaxinaria, Merche, no que aborda cuestións problemáticas

⁵ Fragmento tomado da autobiografía completa que se pode ler na páxina web da autora <https://fina.casalderrey.com/biografia/>

como as consecuencias da ausencia da figura paterna, as minusvalías que afectan a persoas da súa contorna, a morte e a tentativa de suicidio da propia Auria, que só a través do amor de Paio se abre ao mundo que a rodea para abandonar o medo a medrar. (Roig, 2015, p. 174)

A necesidade de superar os medos e os conflitos propios dos procesos de maduración centra tamén a novela *¿Sobrevives?* (Xerais, 1996), sobre a inadaptación, a busca da propia identidade, os conflitos de adaptación que se xeran e a resolución dos problemas cotiáns.

Con estas obras, Fina Casalderrey demostra a súa habelencia para focalizar cuestións delicadas ou consideradas tabús,

que trata con acerto e naturalidade, dando paso a unha lectura reflexiva que achega os novos a problemas como a desestruturación familiar, o consumo de drogas, a inadaptación, as enfermidades, o emprego de anticonceptivos ou as diferentes posturas ante o aborto, a sida, os suicidios etc., temáticas incómodas e pouco tratadas, pero próximas ao lectorado ao que se dirixe e co que conecta, como demostran as reedicións constantes das súas obras. (Roig, 2015, p. 175)

Tamén ten abeirado cara á temática do misterio e a intriga en dúas obras xuvenís, *A máscara de Palma* (Galaxia, 2000) e *Lúas de nácara* (Xerais, 2003). Na primeira, unha novela de intriga e amor, que se configura a través de cartas, trata da disidencia cubana a partir da vida cotiá dunha moza que namora dun enigmático pintor na illa caribeña. A segunda é un volume de cinco relatos de intriga e misterio cunha forte carga fantástica e simbólica que describen a vida cotiá na que irrompen incidentes estraños e sobrenaturais desacougantes, mais que tamén revelan a gran capacidade de amar que teñen as persoas (Roig, 2008, pp. 62-63/156-157), facendo uso de

xogos dicotómicos entre luz/escuridade, que representan metaforicamente outras contraposicións internas da trama, como son os límite difusos entre a realidade e o onírico, a vida e a morte, as crenzas e as vivencias, e mesmo a constatación de que existen cuestións na vida que non teñen unha explicación lóxica, creando desasosego e mantendo enigmas sen desvelar. (Roig, 2015, p. 322)

Por último, en *A pomba e o degolado* (Xerais, 2007), Lista de Honra CCEI 2009, interésase por problemáticas do microcosmos escolar, ao tratar as consecuencias do acoso escolar, as dificultades da convivencia en familias desestruturadas, a marxinalidade por razóns de drogadicción etc. que reflicten a falta de integración do mozo André, quen recibe axuda do avó e dunha amiga cibernética, Pomba. Así insire cuestións actuais, como

as novas tecnoloxías e as posibilidades que o espazo virtual e as redes sociais representan para os adolescentes, que funcionan como válvula de escape dunha realidade complexa, que é tratada con grande habelencia e leva á identificación do lector potencial co protagonista, especialmente polo manexo da técnica narrativa, que favorece tamén unha reflexión persoal sobre o proceso de maduración e as circunstancias nas que viven moitos mozos actualmente. (Roig, 2015, p. 323)

b. A narrativa infantil

A este subsistema dirixido á infancia ten dedicado medio cento de obras, a maioría da súa produción narrativa, que se poden agrupar en oito temáticas preferentes e recorrentes (Roig, 2008 e 2015; Ferreira, Franco-Vázquez e Neira, 2018) para traballar a educación literaria:

1. O respecto aos animais é o centro da trama en seis obras: *Dúas bágoas por Máquina* (Xerais, 1992), Premio Merlín 1991; *O misterio dos fillos de Lúa* (SM, 1995, 2001), Premio O

Barco de Vapor 1994 e Premio Nacional de Literatura Infantil 1996 e inclusión na selección “Los mejores de la década” de CLIJ; *O misterio do cemiterio vello* (SM, 1999; Xerais, 2012), Premio Lecturas 2001; *Chamizo* (Xerais, 1994, 2001), Lista de honra CLIJ 1994; *Pimpín e dona Gata* (SM, 1999), Lista de Honra de CLIJ 2001; e *A furgoneta branca* (Xerais, 2019). Como diferencia Pousada (2018), os animais están moi presentes na produción da autora: como protagonistas antropomórficos con función simbólica, como centros da narración sen estar humanizados ou como acompañantes sen peso no desenvolvemento dos acontecementos.

Resulta moi significativo da importancia do amor polos animais da autora que se inicie na literatura dirixida á infancia precisamente coa obra *Dúas bágoas por Máquina* na que conta a historia de amor de Xusta polo seu can Máquina, que morre atropelado para salvar a avoa “tratada con gracia e humor, con axilidade e corrección formal” (Roig, 2002, p. 445), e na que “aborda, con tenrura e humor, a temática da morte, as relacións entre a infancia e os animais e a dor” (Roig, 2015, p. 209).

Na segunda obra publicada, *O misterio dos fillos de Lúa*, que continuou con *O misterio do cemiterio vello*, “dosifica a intriga nunha trama áxil e ben artellada que motiva a lectura” (Roig, 2015, p. 210) e aproveita para describir “o núcleo familiar, escolar e social, ao reparar en cuestións como o estilo de vida da súa familia, a relación con algúns dos membros, o comportamento da veciñanza ou os problemas cos compañeiros de clase, ademais de evocar vivencias do pasado” (Roig, 2015, p. 210).

No conto *Chamizo*, incide nas limitacións das cidades, fronte á liberdade e o espazo do medio rural, para teren mascotas, asociado tamén á figura dos avós; mentres que no relato a modo de fábula *Pimpín e dona Gata* se contan as peripecias dun paxaro rebuldeiro para aprender a voar e en *A furgoneta branca*, os desexos dun neno por ter un cabalo.

2. As relacións familiares, principalmente as interxeracionais netos-avós⁶, é unha das temáticas máis visitadas pola autora. Até nove narracións describen os vínculos que se establecen entre os netos e os avós, que se configuran como símbolos de sabedoría e experiencia, cómplices de xogos e segredos e contadores de historias, mais tamén símbolo da enfermidade (Ferreira, 2019). Son elas: *O estanque dos parrulos pobres* (Edebé, 1996), Premio Edebé de Literatura Infantil 1995 e Lista de Honra de CLIJ e da CCEI 1996; *Podesevir* (Sotelo Blanco, 1997), *A avoa ten unha menciña* (Combel, 2002), *O avó é sabio* (Combel, 2002), *A avoa non quere comer* (Combel, 2002), *O avó sae de paseo* (Combel, 2002), *O meu avó é unha gata* (Xerais, 2005), Lista de Honra CLIJ 2007; *Eu son eu* (Xerais, 2004); e *¿Quen me quere adoptar?* (Xerais, 2005), *The White Ravens* 2006 e Lista de Honra CLIJ 2007.

En todas estas narracións Casalderrey configura unha visión tenra e cómplice das relacións entre netos e avós que se reiterará na maior parte da súa produción, pois “la complicidad y confidencialidad que alimenta la relación entre infancia y ancianos es uno de los aspectos más relevantes del tratamiento de la familia y las relaciones familiares que aparecen en su producción infantil” (Míguez, 2013, p. 245), conformando distintas tipoloxías de avós.

⁶ Para coñecer unha análise demorada de como se reflicte esta relación interxeracional na LIX galega, pódese consultar Ferreira (2019).

O primeiro dos relatos mencionados, *O estanque dos parrulos pobres*, trata cunha visión idealizada e “con naturalidade, frescura e humor a estreita relación interxeracional, baseada na confianza e confidencialidade, entre un avó, enfermo e comprensivo, e a súa neta Noema, unha nena esperta, observadora e cuestionadora dos medos e inseguridades dos adultos” (Roig, 2015, p. 211). Neste caso o avó, como indica Pousada (2019), representa seis roles: compañeiro de xogos, transmisor de sabedoría, conexión mundo rural/urbano, contador de historias, representación da enfermidade e tratamento da morte. No segundo relato reivindica a figura dos avós como transmisores de coñecemento e experiencia para os máis novos, ademais de manifestar as diferenzas rural/urbano e criticar a sociedade capitalista e a desprotección da infancia (Roig, 2015, p. 211).

Casalderrey incide na especial relación entre netos e avós tamén na serie de catro contos de Combel na que

mostra a soidade da vida dos maiores e insiste na importancia do cariño e a tenrura que a imaxe do avó supón para a infancia, mais aparecen outros subtemas como o paso do tempo, a sabedoría, as enfermidades, a incompreensión, non só dos anciáns senón tamén da infancia, de xeito que agroma a complicidade e confidencialidade entre ambos. (Ferreira, 2019, p. 65)

E tamén nas tres obras de Xerais, reflectindo as vivencias e complicidades que lles acontecen nas distintas peripecias, aínda que deixa cabida para tratar temas máis serios cunha visión desdramatizadora, como a enfermidade de Alzhéimer e a incompreensión e a soidade, como en *Eu son eu* (Xerais, 2004) e *¿Quen me quere adoptar?* (Xerais, 2005), ilustrada por M^a Fe Quessada. Trátase de narracións que amosan “situacións realistas, presentadas sempre desde unha óptica dominada pola tenrura e próximas, con seguridade, a moitos receptores desta sociedade galega envellecida e cunha porcentaxe de natalidade cada ano máis baixa” (Roig, 2015, p. 353).

3. Os temas tabús, como a morte, son tratados en dúas obras: *¡Prohibido casar, papá!* (Galaxia, 1996), *The Withe Ravens* 1998, e *Nolo e os ladróns de leña* (SM, 1998). Son dúas narrativas que relatan, respectivamente, as vivencias familiares dunha familia monoparental, conformada polo pai e a filla preadolescente, quen se nega a admitir que seu pai refaga a vida con outra persoa; e a morte con tenrura e referencias intertextuais ao conto *As fabas máxicas*.
4. O descubrimento do mundo por parte da nenez e o correspondente proceso de maduración son os centros de interese de sete narracións. *¡Puag, que noxo!* (Galaxia/Ed. Asociados, 1997), Lista de Honra de CLIJ 1998 e inclusión na selección Los mejores de la década de CLIJ, e *Bicos de prata* (Ir Indo, 1999) relatan as relacións que manteñen os irmáns e os cambios familiares que se producen coa chegada dun novo membro, mentres que en *Cuca e o abrigo marrón* (Xunta de Galicia, 1998; Edebé, 2014) se denuncia a invisibilidade das persoas marxinadas.

En *Ás de mosca para Anxo* (Anaya, 1998), Lista de Honra de CLIJ 1999 e obra referente no tratamento da diversidade (Pena, 2018), insire innovacións formais para dar conta dos problemas dunha nena con necesidades especiais. En *A filla das ondas* (Concello Pontevedra, 1999), Premio Benito Soto 2003, faise un percorrido histórico a través de acontecementos sociais e culturais homenaxeando a cidade de Pontevedra; mentres que en *Icía quere cambiar o mundo* (Parlamento de Galicia, 2015) o lectorado coñece a actividade parlamentaria e o funcionamento da democracia. Por último, *O segredo de Zoe* (Tambre, 2016) achega a estreita relación da protagonista co seu pai mariñeiro ao que lle garda o dente caído como agasallo.

5. As problemáticas sociais vertebran dez obras: *Unha raíña negra* (Edebé-Rodeira, 1998), *Cando a terra esqueceu xirar* (SM, 2002), Lista de Honra CLIJ 2003; *A lagoa das nenas mudas* (Xerais, 2006), Premio Frei Martín Sarmiento 2009 e Lista de Honra CLIJ 2007; *Un día de caca e vaca* (Baía, 2006), *Gordíño, recheo* (SM, 2007), *Xela volveuse vampira* (Baía/Xunta, 2007), *Ola, estúpido monstro* (Galaxia, 2007), *Apertas de vainilla* (Galaxia, 2007), Lista de Honra CCEI 2008; *Isha, nacida do corazón* (Rodeira, 2008), Lista de Honra CLIJ 2007; e *E ti que farías por min?* (Xerais, 2010).

Nestas narracións deita a atención en problemáticas da sociedade do século XXI como a “inmigración, as adopcións, os divorcios e a acollida temporal de nenos estranxeiros por mor de guerras ou réximes totalitarios, e a relación infancia/adultos, mostrando a sociedade desde a inxenuidade da nenez” (Roig, 2015, p. 211) en *Unha raíña negra*. Volve a centrarse na inmigración en *A lagoa das nenas mudas*, a través do discurso epistolar da nena nixeriana Amina Nwapa, quen describe as dificultades de adaptación, a falta de papeis, o proceso de regularización, a descuberta dunha nova realidade, a integración escolar ou a incomunicación por cuestións lingüísticas, os prexuízos... e incluso cuestións históricas, xeográficas e culturais (Ferreira, 2014; Roig, 2015), empregando recursos que dan axilidade e manteñen a intriga, como “a diversificación da acción, os continuos saltos espaciais e temporais, os cambios no punto de vista, o deseño dos personaxes, os estímulos de anticipación” (Soto, 2007).

A autora incide na defensa da igualdade, dando voz ás mulleres e rompendo cos roles sociais tradicionais, en *Cando a terra esqueceu xirar* e *Un día de caca e vaca*; na obesidade infantil en *Gordíño recheo*; na violencia de xénero e os malos tratos en *Xela volveuse vampira!!* e *Ola, estúpido monstro peludo!*; na superación dos prexuízos e o respecto ante a diferenza en *Apertas de vainilla*; na adopción dunha nena india que supera as inseguridades e problemas de adaptación en *Isha, nacida do corazón* e na amizade incondicional de dous cans en apuros en *E ti que farías por min?*.

6. A aprendizaxe vital da nenez é o fío condutor de nove historias: *Desventuras dun lobo namorado* (Galaxia, 2002), *Derradeira carta aos Reis Magos* (Xerais, 2002), *Lume!!!!* (Rodeira, 2006), *Papá é meu* (Galaxia, 2009), *Fiz, o coleccionista de medos* (OQO, 2009), Lista de Honra CLIJ 2011; *Un saco de estrelas* (Xerais, 2010), *O neno-can* (Galaxia, 2012), escrita con Francisco Castro, Premio Frei Martín Sarmiento 2014 e incluído na listaxe Outstanding books for young people with disabilities 2013, *Historia da bicicleta dun home lagarto* (Xerais, 2014) e *O xenio da Cidade do Sal* (Xerais, 2021).

Nesta temática repara en comportamentos habituais da nenez, como a inxenuidade en *Desventuras dun lobo namorado*, narración que lembra e reescribe os contos de animais da transmisión oral; a inquietude e o desacougo vivido ante a chegada dos agasallos dos Reis en *Derradeira carta ós Reis Magos*; as trasnadas infantís en *!!!Lume!!!!*; as rivalidades entre irmáns en *Papá é meu!*; a inocencia infantil, a superación dos medos, a tenrura e a superación persoal (Fernández Vázquez, 2010 e 2011) no álbum *Fiz, o coleccionista de medos*, ilustrado por Teresa Lima; e o poder da fantasía e do arco da vella, ademais da superación dos prexuízos, en *Un saco de estrelas* (Xerais, 2010)⁷.

⁷ Fóra publicado en 2001 no volume conmemorativo do número 100 da colección “Merlín” de Edicións Xerais de Galicia.

O volume de relatos *O neno-can* confórmase como unha xeografía humana da dor e do sufrimento infantís na que se tratan cuestións como a fame, o abandono, as catástrofes naturais, o traballo infantil, a explotación sexual e a violencia, sempre cun halo de esperanza. Sobre as tráxicas consecuencias da Guerra Civil, sen vitimismo e moralina, e a superación persoal do inocente protagonista o neno Mundo, versa *Historia da bicicleta dun home lagarto*, que se adoba con humor, elemento liberador da tensión dramática, e con plasticidade cinematográfica (Requeixo, 2018).

A súa última achega narrativa *O xenio da Cidade do Sal* (Xerais, 2021) céntrase na figura do xenial compositor alemán Mozart, que en 1768 con 12 anos realiza unha fantástica viaxe a Galicia polo Camiño de Santiago na compañía dun cabalo branco, tomando trazos da novela histórica e biográfica, ao amosar a personalidade do músico, influída pola síndrome de Tourette e experiencias traumáticas da infancia. Tamén une literatura, ilustración e música ao acompañarse dun CD, coordinado e interpretado polo frautista Luis Soto, con cuartetos de Mozart para fruta e trío de cordas que dialogan coa música tradicional galega.

7. A defensa da natureza é o centro de interese de tres breves relatos: *Unha pantasma branca* (Everest, 2000), no que se conta os beneficios que achegan as curuxas e a visión infantil e adulta sobre a tradición e superstición (Roig, 2002, p. 447); *Un can no piso* (Galaxia/Ed. Asociados, 2003; Galaxia, 2010), que reflicte a relación da nenez coas mascotas, e *Un cabalo de lume* (Baía, 2007), que trata a realidade dos incendios que arrasas coas propiedades, caso da casa do vello mestre de escola.

8. O misterio e as aventuras son os elos condutores de catro narracións que “revelan a capacidade da autora para manter a tensión narrativa e o suspense” (Roig, 2015, p. 355) á hora de desenfiar a trama por parte dos nenos protagonistas: *Un misterio na mochila de Alba* (Planeta&Oxford, 2005)⁸, *O misterio da casa do Pombal* (SM, 2009), *Pesadelo no tren de chocolate* (Galaxia, 2009) e *O misterio do Faro Vello* (Xerais, 2012)⁹. Nelas trátase de descubrir, respectivamente, como indican os títulos temáticos, o roubo da mochila de Alba, o misterio da mancha amarela que aparece na cociña da casa do Pombal, o roubo que acontece na viaxe no tren e o misterio das estrañas bólas de luz que aparecen no Faro Vello.

3. CONCLUSIÓNS

Fina Casalderrey, autora clásica contemporánea da Literatura Infantil e Xuvenil galega, é unha das voces máis significativas, con máis pegada e cunha longa traxectoria literaria, profusamente premiada e avalada polo éxito entre o público lector e a crítica especializada e divulgativa, que a sitúa no centro dos canons posibles (Roig, 2008). A súa produción narrativa infantil e xuvenil tan versátil permite elaborar itinerarios lectores proveitosos e interesantes para traballar a educación literaria no ensino. Así, de entre todas as temáticas ás que ten abeirado, salienta o tratamento da familia e as súas relacións e conflitos, que vertebra moitas das súas obras, centrándose sobre todo no tándem neto-avó, “o que contrasta coa figura dos pais que aparecen relegados a un segundo plano e moitas veces ausentes” (Roig, 2015, p. 210).

Tamén se interesa por cuestións próximas ás vivencias cotiás da infancia e xuventude galega, como a reivindicación e defensa da natureza e o amor polos animais, tratando

⁸ Esta obra foi reeditada en 2011 por Oxford con incremento de capítulos e introducións paratextuais.

⁹ Esta narración fora publicada orixinalmente co título *1 pulga, 5 amigos e 1 tándem* (2009), baixo encargo do Concello de Pontevedra, para tratar a educación viaria.

incluso temáticas consideradas tabús para a infancia como “a confrontación coa morte, as consecuencias da perda de seres queridos, a convivencia en familias monoparentais, a soidade, a incompreensión ou a falta de diálogo interxeracional, desde unha perspectiva eminentemente realista, cunha linguaxe poética e ben dosificada, moito humor, axilidade e grande emotividade” (Roig, 2008, pp. 59-61/153-155; Roig, 2015, pp. 172-173). Tampouco se esquece de abordar problemáticas da sociedade actual, como a inmigración, a obesidade infantil, a violencia de xénero, a defensa da igualdade, o respecto pola diferenza, os medos infantís, o misterio e a maxia.

Todos estes temas son tratados con naturalidade, co razoamento propio infantil e cunha linguaxe sinxela e acaída ao lectorado agardado, combinando inxenuidade, tenrura e certas doses de humor, de modo que se configura unha poética propia e singular na que se basean as claves do éxito da produción de Fina Casalderrey desde os seus inicios literarios até a actualidade.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Fernández, M. (2010). *Fiz, o coleccionista de medos*, de Fina Casalderrey, *Malasartes*, 20 (II Série), 77-78.
- Fernández, M. (2011). Unha estratexia para superar teimas: *Fiz, o coleccionista de medos*, de Fina Casalderrey. En B. A. Roig, I. Soto e M. Neira (Coords.), *O álbum na Literatura Infantil e Xuvenil (2000-2010)* (pp. 151-159). Edicións Xerais de Galicia.
- Ferreira, M^a del C. (2014). A inmigración desde África: *A lagoa das nenas mudas*, de Fina Casalderrey. En B. A. Roig, I. Soto e M. Neira (coords.), *Inmigración/emigración na LIX* (pp. 175-189). Edicións Xerais de Galicia/LIJMI/CRPIH.
- Ferreira, C. (2019). Nenez e vellez na LIX galega. En B. A. Roig, I. Soto e M. Neira (coords.), *Imaxes nenez-vellez na LIX* (pp. 55-82). Edicións Xerais de Galicia/Red Temática LIJMI/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Ferreira, C., Franco-Vázquez, C. e Neira, M. (2018). As mulleres na LIX galega do século XXI. En B. A. Roig, I. Soto e M. Neira (coords.), *As mulleres como axentes literarias na LIX do século XXI* (pp. 65-102). Edicións Xerais de Galicia/Red Temática LIJMI/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Míguez, I. (2013). La figura de los abuelos en la narrativa infantil de Fina Casalderrey. En C. Ferreira e A. M. Ramos (Eds.), *La familia en la Literatura Infantil y Juvenil* (pp. 259-246). ANILIJ/ELOS/CIEC.
- Pena, M. (2018). *Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia*. Edicións Laiovento.
- Pousada, V. (2018). Os animais na Literatura Infantil e Xuvenil: Fina Casalderrey. En A. Acuña, X. H. Costas e A. Iglesias (Eds.), *Homenaxe a Ramón Gutiérrez Izquierdo* (pp. 197-204). Universidade de Vigo.
- Pousada, V. (2019). Adozamento da morte: *O estanque dos parrulos pobres*, de Fina Casalderrey. En B. A. Roig, I. Soto e M. Neira (Coords.), *Imanes nenez-vellez na LIX* (pp. 315-323). Edicións Xerais de Galicia/LIJMI/CRPIH.
- Raviña, A. (2003). Algúns trazos sobre a obra de Fina Casalderrey. *Fadamorgana*, 9, 28-33.
- Requeixo, A. (2018). A chamada da esperanza: guerra e superación en *Historia da bicicleta dun home lagarto* (2014), de Fina Casalderrey. En B. A. Roig, I. Soto e M. Neira (Coords.),

As mulleres como axentes literarias na LIX do século XXI (pp. 321-332). Edicións Xerais de Galicia/Red Temática LIJMI/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Roig, B. A. (2002). La literatura infantil y juvenil en Galicia/A literatura infantil e xuvenil en Galicia. En D. Villanueva e A. Tarrío (Coords.), *La Literatura desde 1936 hasta principios del siglo XXI: Narrativa y traducción/A literatura desde 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e traducción* (pp. 382-501). Hércules Ediciones.

Roig, B. A. (2008). *La Literatura Infantil y Juvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/ A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor*. Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil/Xunta de Galicia.

Roig, B. A. (Coord.) (1996-2017). *Informe de Literatura*. Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <http://www.cirp.gal/rec2/informes/>

Roig, B. A. (Coord.) (2015). *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*. Edicións Xerais de Galicia.

Soto, I. (26 de marzo de 2007). Cos fíos da realidade. *Cultura galega*. http://culturagalega.gal/lg3/extra_recension.php?Cod_extrs=1286&Cod_prsa=216&Cod_prdccn=1044

Apéndices

Anexo. Entrevista con Fina Casalderrey

- Cando e por que te decidiches dedicar á docencia?

- A razón de que elixise facer Maxisterio, que así se dicía antes, foi moi doada para min: na casa déronme a escoller entre continuar pola rama da costura (xa fora aprender “corte e confección” con 9 anos a unha academia) ou “ir para mestra” (a escola de maxisterio estaba a carón da casa e non supuña moito gasto). Fíxenme mestra e tiven moita sorte, non só me gustou senón que creo que cheguei a onde cheguei grazas a exercer de mestra de escolas. Unha profesión apaixonante na que aprendín moito máis do que ensinei. Estudei maxisterio nos tempos do ditador Franco. Xa exercía de mestra e, nun principio, en 1970, aínda se rezaba ao entrar e ao saír da escola. Para que vos situedes, formeime nun plan de estudos no que homes e mulleres estudabamos en distintas aulas e tiñamos diferentes materias. Certo que iso estaba xa a piques de cambiar; de feito, no 3º curso comezamos a compartir as clases de música e até creamos un coro mixto.

- Que lembras como mestra?

- Cando eu me formei como mestra non había especialidades; preparábante para saber un chisco de todo, aínda que non chegases a saber moito de nada. Quizais iso nos serviu para nos enfrontar a temas nunca antes abordados, buscando como podíamos novas alternativas para ensinar o que a nós non nos ensinaran. Por poñer un exemplo, a nós ninguén nos falara endexamais de pautas para comentar un texto (e moito menos, prácticas directas) e o noso alumnado soubo facer comentarios de texto cunha habelencia que nos enche de fachenda.

Como mestra, o que menos lembro é o momento en que lles ensinei a descompoñer un número en factores primos ou a facer unha análise sintáctica... O pouso máis grande déixano

as emocións, que en 40 anos de profesión dan para moito. Por escoller un exemplo: aquel primeiro día de clase cando impartín galego a adolescentes de 13 anos e entrei pola porta recitando a Rosalía. Naquelas miradas pillabanas puiden ler: “Que ben o imos pasar este curso, esta tía está pirada!” Tan só dous días despois, unha rapaza, Paula Gamallo, dixo: “Tes razón, profe, se te metes na pel da poeta, sentes cóxegas por dentro”, é dicir, pasárono ben, pero recoñeceron que non estaba tan “tola”. As “memorias dunha mestra de escola” non caberían neste tempo que temos para conversar... Contaríavos cando lles cortei o pelo porque tiñan piollos, ou cando fixemos un concurso público co que demostraron diante dos proxenitores o que tal aprenderan de lingua e literatura, ou as cóxegas que te invaden por dentro cando descubres que un neno, unha nena, rompe a ler. É coma se lle estiveses vendo como lle nacen ás e comeza a voar só.

- Creo que tes feito traballos de campo relacionados coa cultura popular, moito teatro...

- Si, foron verdadeiros obradoiros de aprendizaxe para o alumnado e para min. Dende un primeiro momento tiven moi claro que o primeiro era seducilos, partir da contorna, dos descubrimentos tanxibles, do que podían tocar, percibir e sentir como propio: catalogamos os hórreos, os cruceiros, recollemos lendas, cantigas (furgamos na memoria dunha muller centenaria e rescatamos a cantiga de “pedir a auga” que xa ninguén coñecía, poño por caso), xogos tradicionais, investigamos a orixe das festas populares, recollemos remedios da medicina popular, soubemos da sabedoría popular relacionada coas predicións meteorolóxicas, soubemos máis dos apeiros de labranza...

E o teatro, por suposto, tamén foi unha estratexia de aprendizaxe marabillosa de efectos inmediatos: dicción, capacidade de improvisación, exercitación da memoria, da creatividade, o traballo en equipo, fonte de coñecemento das diferentes personalidades, para nos achegar á literatura, facilita a transversalidade con todas as áreas de coñecemento, especialmente coa lingua, a música, a plástica, a educación física... e, algo que me parece fundamental para a aprendizaxe, fai agromar esas endorfinas que producen momentos prazentosos. Uf, isto só daría para un monográfico. O teatro é á mente, o que o exercicio físico ao corpo. Lembro cando, no ano 1985, levei o meu alumnado do que hoxe se correspondería con 5º curso de Primaria a representar unha obra de teatro diante de profesores de Primaria, Secundaria e Universidade. Eran as II Xornadas do Galego no Ensino celebradas en Santiago de Compostela e eu presentara un relatorio sobre os beneficios do teatro na escola. Era a primeira vez que falaba diante dun público tan entendido e tan numeroso naquel gran salón de actos. Eu estaba moi nerviosa, pero o meu alumnado “falou por min”, representando unha obra de case unha hora de duración, sen apuntador e sen que ninguén lles preparara o escenario. De todo se encargaron cunha eficacia que facía innecesarias as miñas torpes palabras previas. Moi bos momentos nos ten dado o teatro escolar, ese teatro para o que todo o alumnado é apto. O teatro como estratexia de aprendizaxe ten múltiples potenciais. Lembro que eramos moitos e moitas os ensinantes que faciamos moitas horas extraordinarias remuneradas polo afecto e respecto do alumnado e familia.

- E que lembrás como alumna?

- Eu, que de nena fun a unha escola pública sen nome, á escola de nenas que había na Porta do Sol de Lérez, Alí, nos recreos, xoguei a ser mestra en múltiples ocasións e logo exercín de mestra 40 anos ininterrompidos. Lembro aqueles libros manuscritos en letras indescifrables nos que nós, colocadas en fileira, deberíamos saber continuar coa lectura

cando nos tocaban cunha variña no ombreiro, coma que salta á corda sen perder a quenda; lembro o “caralsol” que cantabamos o último día da semana, a última hora e con gran solemnidade; o 13 de maio era o noso único Día da Poesía e todas xiraban arredor do ciclo mariánico (a relixión enchoupaba de maneira incuestionable todo o ensino); lembro o feitizo de converter a auga en leite no recreo, abondaba con remexer nunha pota cuns pos brancos máxicos que nos chegaban das Américas; lembro aquelas botellas coas tintas de cores, que fabricabamos nós mesmas, para logo rotular as letras que iniciaban un texto, unha redacción, un problema matemático... ou perfilar aqueles mapas físicos e políticos tan bonitos; lembro cando rascabamos as mesas cun cristal para limpar as manchas da tinta, lle dabamos cera e logo, cun pano de la, lle dabamos brillo (actividade que, polo “perigo de accidente”, na actualidade seríamos denunciadas); lembro non ter que estudar a táboa que todas rematabamos sabendo porque a cantabamos cada día, igual que os ríos das diferentes vertentes e os seus afluentes pola dereita e pola esquerda, os montes e cordilleiras, as “rexións” e as provincias, os límites de España que cantabamos mentres a privilexiada do día ía sinalando nun mapa pendurado na parede: “España limita al norte con el Mar Cantábrico...”, en castelán, por suposto, o galego estaba prohibido. Podería reproducir até o ton empregado.

Tamén lembro a voz doce da miña mestra, a súa sutil elegancia; lembro aquelas historias sobre caín e Abel, Abraham, Noé... algunhas de terror, pero que nos gustaban e sabiamos de memoria. Incluso lembro a visita dun señor que chamaban “Señor Inspector” que poñía moi nerviosa á nosa mestra, dona Digna. Pero sobre todo, lembro ir de moi boa gana á escola. A miña mestra non nos mallaba, pola contra, loaba os logros e eu traballaba aínda máis, esforzándome en agradala.

- Cando te iniciaches como mestra aos 19 anos en Pontecesures, a principios dos anos setenta, como eran as aulas e os métodos de ensino que atopaches? Con que recursos contabades?

- Non eran moi diferentes das que tivera eu como alumna, pouco, moi pouco evolucionaran, tende en conta que seguíamos nunha ditadura. Continuaba habendo mestres e mestras que castigaban con dureza seguindo a máxima de “a letra con sangue entra”, e outros cunha sensibilidade diferente que non o facían. Os recursos máis efectivos estaban relacionados co entusiasmo de moito do profesorado, que era infinito! Dende o ministerio, pouco máis ca taboleiro, xiz e algún libro de rancio contido. Pero faciamos saídas para coñecer a contorna, festivais, teatro utilizando como escenario os pupitres vellos, coros musicais, xogos, excursións nas que exercemos de “guías turísticas”, exerciamos de “comisarias de exposicións” (libros antigos, fotografías dos antepasados, das festas populares, novos inventos, postais de Nadal, murais sobre temáticas diversas, trebellos de cociñar, os aparellos específicos de moer, de fiar o liño, os apeiros...). Inventabamos métodos de lectura adaptados aos intereses do noso alumnado, para fuxirmos de aquel clásico RAYAS, tan rancio, sen cores, sen apenas ilustracións. Comezamos a poñer en marcha, por iniciativa propia, bibliotecas de aula, empezaron a nacer as de centro...

- Ti fuches unha mestra moi activa e implicada dende os teus inicios. Que accións pioneiras levaches a cabo no ámbito do fomento da lectura e a renovación pedagóxica? Lembras cando se empezaron a empregar obras de Literatura Infantil como recurso na escola?

- Aconteceu a finais dos 70, ao morrer o ditador (1975) as cousas comezaron a mudar, porén non foi dun día para outro. Comezaron a nacer editoriais que se interesaron polo público infantil, naceron premios literarios (algún xa a finais dos sesenta, cando culturalmente comezaron a manifestarse algunhas migallas de liberdade), chegaron os cursos de preparación do profesorado, habilitándonos para impartir galego nas aulas e precisabamos lecturas axeitadas. A LIX comezou a consolidarse en boa parte grazas ao mundo do ensino. A maioría dos que nos animamos a escribir eramos ensinantes. Un editor e mestre galego, Manuel Bragado, bautizounos como “Xeración Lamote”, en lembranza do personaxe creado por Paco Martín (*Das cousas de Ramón Lamote* foi o primeiro premio a nivel estatal acadado por un galego: Premio Nacional de LIX concedido polo Ministerio de Cultura). Pero tamén porque o profesorado, en xeral, exerceu de ponte para comunicar os autores e autoras coa rapazada lectora dos seus libros.

A Lei de Normalización Lingüística de 1983 abriu as portas á literatura para a infancia, animou os autores e autoras a escribir, os premios déronnos visibilidade. Daquela xa había un xeitoso corpus de autores en lingua galega, a sociedade estaba a redescubrir a propia cultura e esa literatura medieval tan rica e tan oculta durante séculos. A min tocáronme vivir momentos apaixonantes de entusiasmo contaxioso, queríamos cambiar o mundo e agora, na distancia, até creo que un chisquiño conseguímolos.

- Que opinas das lecturas “de obriga”?

- Vaivos, quizais, estrañar a miña resposta. Benditas lecturas de obriga! Oxalá me “obrigasen” a min de nena a ler *A Illa do Tesouro*, *O Principiño...* Todo o que lemos na infancia deixa un pouso que, cando medras, non o podes finxir se non o tes. Sempre digo que é coma unha enfermidade que podes deter, pero non curar de todo. Dito isto, prefiro chegar á lectura por sedución, creo que na escola tamén se pode chegar á lectura por gozo, cuestión de enfoque. Aos futuros ensinantes diríalles: Nunca recomendades un libro que non lestes antes ou polo que non sintades ningún interese. A lectura é coma o sarampelo, transmítese por contaxio e non podemos contaxiar o entusiasmo, a emoción que nos produce un libro, unha páxina, se non o sentimos... Lembro dunha volta, nas miñas clases de primeiro da ESO, acababa de ler certo libro, gustárame moito e, así en quente, coas emocións frescas, faleilles de *Enderezo descoñecido* de Kressmann Taylor (1903-1996) unha escritora, profesora e xornalista de Portland (Oregón). Ese é o pseudónimo masculino de Katherine Kressmann. Fíxenlles un pequeno resumo desa Historia escrita en 1938, faleilles dunhas cartas entre un xudeu americano (Max) e un alemán (Martín) que se foi para Alemaña e viviu a época de Hitler, de como palabra a palabra de maneira sutil e maxistral, case sen nos decatarse entre unha carta e outra, se percibía de maneira tanxible como se ía arrefriando esa amizade até rematar da maneira máis tráxica posible. Moitos preguntáronme se estaba na biblioteca do Instituto, que o querían ler. Certo que en América aos libros recomendados polas autoridades, chámanlles “O bico da morte” que matan a curiosidade e a paixón, pero hai máis maneiras. Imitemos ao señor Koreander de *A historia interminable*, poñámoslle as lecturas diante como el fixo con Bastian Baltasar Bux.

- Tes falado da escaseza de lecturas que tiñas de pequena como algo irrecuperable. Hoxe en día os nenos non teñen problema para acceder á lectura de todo tipo. Mais o certo é que cada vez len menos. Que cres que podemos facer os mediadores para promover a lectura e fomentar o hábito lector? Que consellos darías para promover que os nenos lean e teñan máis contacto cos libros?

- Non estou segura de que lean menos, nin que teñan máis “doado” acceder á lectura con tantas “tentacións”. En todo caso, estaría ben non perder de vista que o primeiro obxectivo dunha clase de lingua e literatura, debería ser conseguir, ao remate do curso: saber falar mellor, escribir mellor e respectar e querer máis a lingua na que realmente soñas. Ter en conta que o que os nenos e as nenas nos contan é importante, os contos que escriben tamén son importantes, que non importa o número de páxinas dun libro. Unha boa historia pode caber na palma dunha man. Nunca recomendades (ao alumnado que escoita a conversa) un libro que non lésedes antes ou, cando menos, polo que non sintades ningún interese. A lectura é coma o sarampelo, transmítese por contaxio (non podemos contaxiar o entusiasmo, á emoción que nos produce un libro, unha páxina, se non os temos). Seducir, sen forzar, evitar sentencias como “Unha casa sen libros é unha casa sen dignidade”, pois son falsas. Non esquecer que a actividade principal cun libro é a súa lectura. As editoriais fan esforzos por acompañar os libros con fichas e actividades para antes e despois da lectura. Pero... e se “Literatura é aquilo que morre en canto se converte en disciplina”, tal como aseguraba Juan Farias? Dubido da eficacia dos exames sobre os libros se queremos algo máis ca conseguir destreza lectora. A obsesión excesiva polos “valores transversais” tamén pode lastrar a LIX. Hai unha intuición que agroma do amor á profesión, ao alumnado e á lectura que nos guía mellor ca ninguén. Até diría que máis vale unha “prohibición” que unha imposición forzosa. Non lembro a data exacta na que aprendín a ler, pero sei que foi un descubrimento prodixioso. Dende aquela, e cando podía, meu pai agasallábame cun conto que me seducía tanto coma as historias orais coas que me contaxiou a súa sensibilidade. Meu pai foi un sabio na arte de incentivar cara ao pracer lector sen que os expertos lle ensinasen. El non divinizaba a lectura e eu apalpábaa (“agora non te poñas a ler, que toca choiar”, é dicir, ir á fonte...). Cada vez creo máis na eficacia do seu método, pois, sen ter estudado nada en relación coas claves básicas sobre a percepción, motivación e desenvolvemento da personalidade nos niveis evolutivos da infancia, removíame a sensibilidade. “Os nenos só len os libros que lles prohiben os maiores”, dicía o autor castelán Francisco Umbral. Aínda que, ás veces funcione así, non podo estar totalmente de acordo, depende moito da relación que teñan con eses maiores. Eu adoraba a meu pai. Creo que debemos ter en conta que a lectura é moi importante, pero aínda o son máis os nenos e nenas que len. Debemos recordar, á hora de escoller unha lectura, que os pequenos len como beben os gatiños, sen levantar a cabeza (se lles gusta, claro), os adultos lemos como beben as aves, erguendo a cabeza de cando en vez para ollar o horizonte. Trátase de cativalos para enriquecelos, esa é a finalidade última da animación lectora.

- Iníciaste como escritora a principios dos anos 90. Por que unha mestra decide escribir para nenos? Cres que tivo que ver a túa profesión nesa afección?

- Si, sen dúbida, a miña profesión influíu. Como dixen nalgún outro momento desta conversa, querida Carme, son desa xeración de xente do ensino que optou por escribir. Nos 90 comecei certamente a publicar, a escribir creo que comecei dende o principio, aínda que só coa pretensión de o compartir co meu alumnado. De feito foi un compañeiro de profesión quen me animou a presentar os orixinais a unha editorial. Cada un, cada unha de nós somos froito das nosas circunstancias: a profesión, o momento vivido, as lecturas, as viaxes, as amizades, os soños... todo nos vai modelando. Eramos conscientes de que precisabamos unha literatura galega, e en galego, para nenos e nenas que se “foran da lingua”, que non a falaban nin lles importaba. Poderíamos ter aproveitado moitas das obras dos nosos clásicos, pero aínda as estabamos a descubrir nos mesmos.

- Na túa abondosa produción, con máis de medio cento de títulos, prestas atención ás relacións entre netos e avós, á reivindicación da identidade propia, ademais doutras problemáticas e cuestións sociais e persoais que lles afecta á infancia e xuventude, como o respecto pola natureza, a descuberta do mundo, a morte, o amor polos animais, o mundo escolar... a que se debe ese interese?

- E a violencia de xénero... Eu parto da idea de que as nenas e os nenos son máis novos ca nós, non menos intelixentes e de que todos os temas poden ser abordados. En todo caso, a dificultade pode estar máis na nosa incompetencia para abordalos adecuadamente ca na súa intelixencia para comprendelos. A mirada dun neno, dunha nena, antes os grandes temas, interésame moito, dálles unha tenrura especial e, asemade, pode conseguir un maior impacto nun relato duro de por si. Creo que, entre quen pensa que os libros para nenos han de estar concibidos especialmente para eles e os que coidan que calquera libro pode ser lido por calquera lector, hai un “algo” ao que chego máis pola intuición ca por sólidos fundamentos teóricos. Eu, como dicía Dédalo, non como fixo Ícaro...

Cada vez interésame máis a literatura que mantén un pé na realidade, a que é capaz de nun día calquera dunha persoa calquera atopar o extraordinario; por iso entre *Alicia no País das Marabillas* e *A Historia Interminable*, eu prefiro a segunda. O realismo interésame o suficiente como para non desprezar os autores e autoras que fan literatura fantástica de maneira marabillosa. E máis ca o realismo a verosimilitude, que sexan cribles.

Porén, iso non quita que non soñe con atopar algo semellante ao que atopou o Home de Negocios do 4º planeta que visitou o Principiño, algo que non se lle ocorre antes a ninguén e que brille tanto coma as estrelas, é dicir, algo único no que ninguén reparou aínda. E ter moreas de compradores (enténdase lectores) aos que facer sufrir deliciosamente con inxeccións de palabras directas aos sentimentos, que teñan présa por saborear ese “algo”, esa historia, e asemade lles dea mágoa rematala, tal como facía eu de cativa co chocolate.

Por outro lado gústame “escandalizalos”, nunca traumatizalos! (refírome a lectores e lectoras infantís) e escribir sobre cousas que saben e mesmo das que falan entre eles, pero non cos adultos. É dicir, tento meterme na súa pel, recordar que unha vez, aínda que fose hai moitos anos, fun nena. Iso axúdame.

- Como é o teu proceso creativo? Que é o que te move a escribir? En que te inspiras para crear as túas obras? Hai algo de autobiografía?

- Estou convencida de que, se houberse oportunidade de furgar na vida de calquera autor ou autora, sexa de LIX ou de adultos, atoparíamos ciscados anacos da súa propia vida e, sobre todo, da súa infancia, consciente ou inconscientemente. E resulta curioso: máis, cantos máis anos cumprimos. Eu, tamén... Non hai moito, unha amiga de toda a vida, díxome: “Fina, aínda que borrasen o nome dos teus libros, creo que adiviñaría que foran escritos por ti.” Sempre, mesmo inconscientemente, inflúen as experiencias propias no que escribimos. Non son eu soa... Charles Dickens, por poñer un exemplo moi coñecido, retoma os seus escenarios da infancia para moitos dos seus libros. En *David Copperfield* aproveita parte da súa autobiografía real para compoñer a historia. Non foi un neno orfo, pero segundo os seus biógrafos, sentiuse como tal. Viviu a humillación de, aos doce anos, verse privado de ir á escola por ter que traballar nunha fábrica de betume e facelo nun escaparate. O que fixo foi transformar esas lembranzas en literatura. Di Pablo Neruda: “A miña infancia son os zapatos mollados, troncos rotos caídos na selva, devorados por lianas e escaravellos, doces días sobre a aveja, e a barba dourada de meu pai saíndo cara á maxestade dos ferrocarrís”. Seu pai era

maquinista de tren. Di tamén: “A miña poesía pertence intimamente, e segue a pertencer a pesar das miñas viaxes polo mundo, a esa zona que subxectivamente e fisicamente, impregnou a primeira idade da miña poesía e a miña formación de adolescente”. De certo a súa poesía está enchoupada da paisaxe de Temuco (Sur de Chile), terra da súa infancia. Ás veces valémonos de voces infantís para agochar na súa inxenuidade ese absurdo para o que non atopamos explicación.

Eu tamén...

Quizais se non morrese meu pai, non escribiría *O estanque dos parrulos pobres*, ou non do mesmo xeito. Se non tivese unha gata que se chamaba Lúa, non escribiría *O misterio dos fillos de Lúa*; se non tivese a lembranza de que miña nai cosía a máquina e cantaba colas mentres premía no pedal, non escribiría *Lúas de nácara*; se, de nena, non fose a que lía as cartas que lle chegaban a unha veciña, non faría a curtametraxe e a historia escrita (que foi despois) de *Dúas letras*; se un alumno non me conmoveuse cando me dixo con bágoas nos ollos que lle desaparecera o seu can, non escribiría *Dúas Bágoas por Máquina*; se non coñecese a un científico galego que traballaba nun laboratorio de Londres, non escribiría *Mutacións xenéticas*; se non me pedisen que contase a historia de Pontevedra a xente miúda, por medio dun relato de ficción, non escribiría *A filla das ondas*. Sempre digo que somos coma o carpinteiro. Se temos que facer unha mesa de madeira, precisamos a madeira. Un bo carpinteiro fará unha mesa bonita, forte e práctica, un malo fará unha mesa fea e débil. Sinto dicirvos que non somos deuses capaces de crear da nada. Eu adoito partir de algo que me conmoveu dalgunha maneira e que non se me vai do pensamento.

Porén, non posúo unhas claves máxicas que garantan o éxito das miñas obras, nin un cadro regulado co que medir o valor ético e estético dos meus textos. Tan só trato de razoar pensando que se por educación e convicción, lecturas... non son xenófoba, machista, racista, violenta, insolidaria..., que se teño unha escala de valores sólida que non preciso finxir para escribir, non se notará sen que teña que forzalo? Desa maneira tento liberarme de caer en “moralinas e didactismos”. Dende logo, non me molesta que quizais aprendan algo e sexan mellores persoas, ademais de entreterse, coa lectura. Necesito esquecer todas estas ataduras para centrarme en atopar unha fermosa historia e contala da mellor maneira que sei.

- A memoria e a historia tamén están presentes nas túas obras, como é o caso de *A historia dun home lagarto* na que tratas cuestións do pasado e a memoria histórica. Baseácheste en anécdotas e personaxes reais?

- Esta historia en concreto partiu dunha bicicleta “real” que está no museo de Telefónica en Madrid. Nun carteliño explicativo di que pertenceu a un celador de telefonía de Albarracín dos anos trinta. Iso foi todo o “real” que hai na historia. Pero se eu non soubese algo sobre o que pasou nesas datas no que se refire á Guerra Civil, se non lese a Miguel Hernández, se non coñecese Albarracín, se nunca sentise medo... quizais non podería escribirla do mesmo xeito. De feito, dicía Lobo Antunes que a Literatura non é máis cá memoria fermentada.

Insisto en que non somos deuses e que nunca é “pura coincidencia” que as historias realistas se asemellen á realidade. E, dado que os sonhos se alimentan da realidade, diría que a fantasía tamén. Cando inventamos un ser fantástico “orixinal, único...” poñémoslle os ollos, quizais cinco, nas xemas dos dedos, os brazos saen do corazón, os cabelos están na planta dos pés e son coma a herba, pero hai ollos, brazos, corazón, herba... A literatura parécese á música, a partir dunhas “notas” chega a creación.